

4º PRIMARIA

AS LENDAS AO RESCATE

Un martes calquera de primavera o ceo estaba despexado e unha brisa empuxaba ao Apalpador a camiñar polo bosque.

Cando xa levaba cinco quilómetros de paseo alguén pasou por diante del.

-Quen é? -Preguntou o Apalpador sorprendido.

-Son eu, Pedro Chosco – Respondeu con cara de tristeza.

O Apalpador xa sabía que se Pedro Chosco non ría, tiñan un problemón.

Entón, Pedro Chosco empezou a falar:

-Os trasnos diríxense ao colexio de Esteiro! Temos que rescatalos!

O Apalpador sen responder empezou a camiñar con Pedro Chosco.

A viaxe durou moito máis do esperado. Cada noite o Gatipetro molestáballes e despois polo día estaban moi cansos.

Pero o octavo día, por fin, chegaron.

Entón, o Apalpador e Pedro Chosco entraron no colexio.

Todo estaba en silencio. Os dous preguntaron a coro:

-Hai algún neno ou profesor do cole?

Ninguén contestou.

Miraron en todas as clases pero non atoparon a ningunha persoa.

Cando miraron na clase de cuarto e viron a data no encerado, déronse conta. Era o día do deporte!

-Por iso non hai ninguén-Explicou Pedro Chosco.



-Espera, Pedro, soa algo no pavillón.-Interrompeu o Apalpador.

Camiñaron cara ó pavillón e... Alí estaban todas as familias e o profesorado! O día do deporte non é festivo! Todos estaban xogando coas buxainas! Pero...

Os trasnos estaban no centro con outras buxainas!

-Pedro Chosco, non hai ningún problema, os trasnos só queren xogar ás buxainas. Se non fan travesuras, claro que poden xogar! -Dixo o Apalpador.

-Pero, Apalpador, amigo, se non pasa nada quere dicir que camiñamos oito días 143 km polas noites có pesado do Gatipetro e ademais que estou cansadísimo para nada. Non valeu a pena! - Di Pedro Chosco deprimido, case chorando.

-Pedro Chosco, non chores. Mira todas esas persoas - O consoa o Apalpador sinalando o pavillón.-Recorda que este colexio investiga sobre nós cada día. Sabes que quere dicir? Que estamos no mellor colexio do mundo!

E o Apalpador e Pedro Chosco entraron no pavillón dispostos a desfrutar do día do deporte!!!

Lucas

AS PERSONAXES DE GALICIA VIAXAN AO COLE DE ESTEIRO

Había unha vez, un señor chamado O Apalpador.

Vestía unha camisa a cadros e uns pantalóns gastados.

O Apalpador, mentres que estaba tomando o xantar, decidiu ir a casa do seu amigo Pedro Chosco.

-Cando remate de xantar vou ir a casa de Pedro Chosco.

Dúas horas despois, cando O Apalpador xa tomara o xantar e se aseara...

-Ring, ring!!!

-Quen é?

-Son eu O Apalpador.

-Vale, xa te abro agora – dixo Pedro Chosco.

-Queres ir de viaxe ao colexio de Esteiro?

-Si!!

-Imos coller dúas mochilas con auga e dous bocatas.

-Iremos polo camiño curto.

Dúas horas despois, cando estaban chegando...

-TIN, TAN, TIN, TAN!

-Quen é?

-Son o Gatipetro, quero ir ao cole de Esteiro para ver o seu museo do xogo popular pero estou perdido.



-Queres vir con nós?

-Vale.

Dúas horas despois...

Xa chegamos ao destino, O COLE DE ESTEIRO.

Vou chamar a miña amiga Candela para que nos acompañe ao museo.

-Ring ring ring!!!

-Ola Candela, xa chegamos.

-Vale, esperade un momento que xa vou para aí.

-Ola Apalpador, ola Pedro Chosco, ola Gatipetro. Benvidos ao museo do xogo popular do cole de Esteiro.

Votade unha ollada e logo xa chamo ao meu amigo Gonzalo para que vos deixe un sitio no seu hotel.

Unha hora despois...

-Encantounos o museo Candela.

-Moi ben, vou chamar ao meu amigo Gonzalo.

-Ola Gonzalo, podes facer un sitiño no teu hotel para os meus amigos que viñeron de viaxe.

-De acordo.

-Cantos son?

-Tres.

-Pois dilles que están convidados ao meu hotel.

-Chao Candela.

Adeus meus amigos.

Candela Ferreira

APALPADOR E COLE DE ESTEIRO




Érase una vez o Apalpador que viu un colexio e quíxose meter nel. Ese colexio era o CEIP Esteiro. Cando o Apalpador entrou, viu que no salón de actos estaba debuxada a súa figura e outras lendas coma el. Quedouse moi sorprendido e foi lendo toda a información que había naqueles paneis. Cando rematou foi dar unha volta por todo o colexio. Quedouse fascinado ao ver tantas buxainas e moitos xogos máis, os zancos a corda ... Despois de xogar un pouco, visitou todas as clases e chegou ata o pavillón. A aula de cuarto encantoulle, cantos xogos! Mirou o encerado e viu a súa figura xunto a s outras lendas. Ao Apalpador encantoulle o colexio de Esteiro.

Gabriel

O TESOURO DO TRASNO

Era un día normal e corrente no cole de Esteiro, os nenos e nenas de cuarto estaban xogando cos ordenadores.

De repente escotamos uns pratos rompéndose, logo diso apareceu un trasno e dixo que quería o tesouro do colexio.



Nós dixémoslle que non sabiamos nada diso e, a continuación, Alexandre, un neno moi falador, preguntoulle ao trasno, Barca ou Madrid? O trasno dixo Barca, entón Alexandre e o trasno fixéronse amigos porque Alexandre sabía que o Barca era o mellor equipo do mundo.

Así foi como os dous foron buscar o tesouro ese. Polo camiño o trasno dixo que se chamaba Doby, Alexandre sorprendeuse e dixo como o de Harry potter!

Pois si -dixo Doby. Pero... imos ao gran, primeiro temos que ir as Fragas do Eume para buscar o mapa. Alá foron e despois de dúas horas buscando, atoparon o mapa agochado nunha pedra do Mosteiro de Caaveiro. Volveron ao colexio e o mapa dicía que o tesouro estaba debaixo dunha árbore do colexio. Comezaron a cavar e por fin chegaron ao tesouro, eran moedas de ouro prata e bronce, finalmente

Doby tivo que marchar e Alexandre volver a clase e adiviña que...estaban dando a prehistoria así que vos deixo porque teño que estudar.

Alexandre

PEDRO O CHOSCO NA NOSA ESCOLA

Á volta ó cole foi bastante normal e a mestra Lola empezou o curso bastante feliz . Temos dúas alumnas novas Valery e Thaliana. Hoxe estamos todos un pouco bastante durmidos e Lola díxonos que xa andaba Pedro Chosco pola clase, entón Hugo preguntou Pedro que? E Lola explicou que era un personaxe da mitoloxía galega que fai durmir os nenos e nenas. Despois de que Lola o dixera moita xente de clase puxo trampas para atrapar a Pedro Chosco.

Alguén o atrapou! - fun eu - gritou Carmen.

Todos correron a mirar... Efectivamente si, era Pedro Chosco, pero era o seu fillo!

Logo o soltamos cunha condición, que non nos durmira mentres dabamos clase.

Candela Orbaneja



AS MIÑAS VACACIÓNS COAS XACIAS

Eu fun de vacacións As Pontes e xogando no río encontreime tres xacias. Elas ao verme preguntáronme como me chamaba e díxenlles que Lucía e elas eran Martina, Laura e Gabriela.

Nos fixemos amigas e déronme unha especie de polvos que me converteron en xacia. Logo coñecín ao seu pai, Alex, e a súa nai, Marta.

A nai contounos que lle roubaran a coroa. Resultou que era a raíña do reino acuático e o pai o rei, logo as miñas novas amigas eran tres princesas.

Antes de que a nai terminara de falar xa se puxeron a investigar o caso. Ao saber que a coroa

era dourada e con diamantes azuis, sospeitaron de Mariña xa que estes diamantes eran os seus preferidos. Foron a súa cova e alí atoparon unha caixa forte e un mapa que tiña tres montacuias que son montañas de auga e unha rocha con forma de gaivota. Todas xuntas fomos en busca das montacuias e despois de horas de búsqueda a atoparon, e xusto ao lado roca coa cruz. Coas mans quitaron area e desenterraron unha caixa que contiña a coroa de Marta.

Moi contentas foron devolverlle a coroa a raíña. Despois de tantas emocións Lucía tiña que voltar a súa casa. As xacias devolvéronlle o seu corpo e volveu coa súa nai a casa pensando que nunca olvidaría as tres xacias.

Nemesis



a

O TRASNO MALO


Érase unha vez un colexio chamado CEIP Esteiro.

Un día os nenos e nenas de cuarto de primaria estaban no recreo, mentres que un trasno paseaba por diante do colexio. O trasno, viu a ventá aberta e colouse por ela, empezou a tirar cousas dos pupitres, a cambialas de sitio... Uns minutos despois os nenos e nenas de 4º entraron na clase, o trasno asustouse moito, e tamén a profesora e o alumnado da clase.

Falaron co director e todos xuntos foron a casa dos trasnos. Cando chegaron se encontraron con que era unha cova, así que entraron. Alí estaba toda a familia de trasnos que, despois de escoitar o sucedido, pediron desculpas e o trasno tivo que ir recoller e colocar todo.

Os alumnado marchou correndo, para contarlles as súas familias todo o que pasara durante aquela mañá.

Noa



TRASNO E O CEIP ESTEIRO.

A mestra estaba dándolle clase aos alumnos. Cando terminou a mañá fóronse todos as súas casas.


Durante a noite apareceu un pequeno Trasno con ganas de revolver por toda a clase. Tirou o encerado, as mesas... DE TODO! E cando chegaron a mestra e os nenos quedaron cos ollos coma pratos!. A noite seguinte, sospeitaban que o Trasno volvería e quedaron agochados no cole para pillalo e...o pillaron!

O Trasno pediu perdón e non volveu a revolver na súa clase.

Laura



O GATIPEDRO NA ESCOLA



Había unha vez un colexio moi tranquilo, que era bastante estraño polas cousas que había nel. Unha delas era que... Apareceu O Gatipetro!

Ao principio era bastante amigable pero...despois de moitos días xa era moi aburrido telo. Mentres estabamos atendendo a unha explicación aparecía O Gatipetro e media clase berraba.

Entón ideamos un plan os do colexio. Consistía en poñer sal nas portas e nas ventás do centro. Pero nos dimos conta que... O Gatipetro estaba dentro! Entón non podía saír porque, cando notaba o sal corría para dentro.

Ao final tivemos que quitar o sal do chan.

E por fin se marchou e non o volvemos ver. Ao principio facíase raro, pero despois

todo foi mais doado.

Breogán

O APALPADOR E O CEIP ESTEIRO

Un día, o Apalpador chegou a clase dos nenos e nenas de 4º a través dun portal. Veu a desratizar o noso cole, o CEIP Esteiro, porque o director deixou un cacho de queixo enriba da súa mesa, entón as ratas entraron, e Víctor púxose moi pero que moi nervioso. Nese momento o Apalpador coa axuda do alumnado de 4º derrotáronas, pero o que eles non sabían é que tamén había ratos e como xa sabedes o Apalpador coa axuda de 4º tamén os derrotou.

Carmen



O PROFE APALPADOR

É un día normal e corrente en cuarto, pero como xa fixéramos todos os exames e os exercicios nos dedicamos a xogar e a falar levantando a man todo o rato. O pasamos xenial!

Pero hoxe non está Lola ou iso críamos, porque dez minutos máis tarde chega Lola, pero non chega sola, chega co Apalpador!

-Ola rapaces e rapazas!

-O Apalpador!

-Porque o trouxeches Lola?

-Porque pareceume que ía ser divertido xogar con el.

-Onde o coñeciches?

-En Alcampo. O vin comprando castañas falei con el, quixo vir e aquí estamos.

-O Apalpador é xenial, nos ensinou a facer sopa de castañas!

Pero chegaron as vacacións de Semana Santa e o Apalpador tivo que marchar.

-Que pena! - Dixo a clase.

-Pero penso volver no terceiro trimestre.

-Volves?

-Home claro!

-Adeus! Dixo a clase aliviada

-Ata o terceiro trimestre. **Emma**



APALPADOR E COLE DE ESTEIRO

Érase unha vez un colexio chamado O COLE DE ESTEIRO. Nunca pasaba nada raro, ata un día que na clase de mates no encerado

en vez de fraccións apareceron kahoots sobre os champiñóns. Desde entón ou se caía o mapa, ou se perdía o lapis, ou cousas polo estilo.

Todos críamos que era un trasno que estaba polo cole. Pero un día que estaba paseando, vin que o cole se volvía verde e saíanlle mans e

pernas e que metía as mans polas fiestras e o desordenaba todo. Entón collín nun xardín todas as herbas que puiden, botei auga e fixen unha

pócima que lle lancei e segundos despois volvía estar o cole normal e corrente, e nunca volveu pasar.

Carolina



O GATIPEDRO E O APALPADOR

Un día o Gatipetro e o Apalpador estaban na súa cova vendo a televisión, cando... un oso entrou na súa cova e rompeu todo. O Gatipetro e o Apalpador puxéronse a tremer, e saíron correndo. Mentres corrían decidiron ir ao cole CEIP Esteiro porque fixeron mil grullas e carteis das lendas de Galicia.

Cando chegaron ao colexio timbraron e a conserxe Eva lles dixo:

-Sodes o Gatipetro e o Apalpador?

-Pois claro que si -Dixeron.

-Que guai -Dixo Eva- Pero que queredes?

-É unha longa historia, ti so dinos cal é a clase máis lista do cole? - Dixeron.

-É a clase de cuarto.

-Moitas grazas.

Subiron ata a clase de cuarto e lles preguntaron que podían facer para recuperar a súa casa. Deron varias ideas pero so valeu a dunha nena chamada Sara que dixo: Porque non lle poñemos un cebo para que marche da cova. A todos pareceulles unha boa idea.

Foron a cova onde vivían e ataron un cacho de carne a unha corda, cando o oso uliu a carne foron arrastrándoa ata onde estaban.

Entón saíron correndo ata a cova, e déronse conta de que a cova non tiña porta e o oso ía a volver a entrar.

Puxéronse a pensar, entón Breogán, un neno que debuxa moi ben, púxose a cantar... “y dibujé una puerta violeta en la pared y al...”




-Es un xenio Breogán.-Dixo Carolina- Podemos facer unha porta para que non poda entrar. E así o fixeron.

Desde ese día o Apalpador e o Gatipetro puideron vivir tranquilos.

Sara

O GATIPEDRO

Érase unha vez, nunha clase de 4º, no inicio do curso empezou un neno novo,
era O GATIPEDRO!!!!!!!!!!!!



É, no medio da clase, un espírito invadiu o colexio,
porque quería destruílo. Resulta que o colexio estaba construído nos terreos
da súa casa, polo que quedou sen ela.
Desde ese momento, prometeuse que destruíría o colexio para vingarse. Cando o
espírito, empezou a enfadarse, o Gatipetro, deulle unha boa torta, e
acabou con el.. Pero resulta que cando o Gatipetro acabou
co espírito, este caeu sobre o colexio, e non puideron reparalo
porque precisaban un diamante que so había nun lugar moi perigoso
e máxico, así que, o Gatipetro foi a buscar o diamante, para salvar o
colexio. Dúas horas máis tarde o Gatipetro chegou o seu destino, entrou nunha cova

onde había moitísimos diamantes deses e colleu un para salvar o colexio.

O chegar ao colexio, os mestres impresionáronse o ver o diamante e comezaron a reconstruír o colexio, e, dúas semanas máis tarde, remataron de reconstruílo.

Os mestres e alumnos, deron as grazas ao Gatipetro, por salvar o seu colexio.

María